

O COMENZO DA IDADE MEDIA

1. **A Idade Media: Concepto e as súas etapas.**
2. **O final da Idade Antiga e a orixe da Idade Media.**
3. **Os pobos e os reinos xermánicos:**
 - 3.1. Os Visigodos na Península Ibérica.
 - 3.2. O reino suevo de Galicia.
 - 3.3. Os francos: O Imperio Carolínxio.
4. **Glosario:** Bárbaros, concilio, dinastía, estado, historia, Idade Media, imperio, reinos, ruralización.

1. A IDADE MEDIA: CONCEPTO E AS SÚAS ETAPAS.

A Idade Media¹ é a etapa histórica comprendida entre a caída do Imperio romano de Occidente no 476, ata para moitos historiadores, a caída de Constantinopla² no 1453, e para outros o Descubrimento de América no 1492.

Este nome déronllelo na Idade Moderna, cando os pensadores desta época comezaron a ver eses séculos como unha etapa "escura" e intermedia entre a gloria da Antigüidade clásica e o Renacemento.

Un período de 1000 anos que se divide en diferentes etapas.

Alta Idade Media: Do século V ao X

- Desaparición do Imperio romano de Occidente tras a invasión dos pobos bárbaros, e fragmentación da mesma en diferentes reinos xermánicos.
- O Imperio Bizantino como herdeiro do Imperio Romano de Oriente.
- Aparición e expansión do Islam.

Plena Idade Media: Do século XI ao XIII.

- Afianzamento dos reinos medievais orixe dos futuros estados europeos.
- Desenvolvemento do feudalismo.
- Rexurdir das cidades e do comercio, e aparición da burguesía.
- Desenvolvemento do Románico como estilo artístico entre os séculos XI e XII; e o gótico entre os séculos XIII e XV.

¹ Video de Youtube.

² Hoxe Istambul en Turquía.

Baixa Idade Media: Do XIV ao XV.

Período final no que se desenvolverá unha profunda crise social, política, demográfica que poñerá fin ao feudalismo, desenvolverá a cidades e sentaría as bases da Idade Moderna.

Acontecementos históricos como a invención da imprenta cara a 1440; a caída de Constantinopla (Imperio bizantino) a mans dos turcos otomán, e o descubrimento de América en 1492 marcaron o final do período medieval.

2. O FINAL DA IDADE ANTIGA E A ORIXE DA IDADE MEDIA.

O final do **Imperio** Romano de Occidente no ano 476 produciuse por varias causas cuxas orixenes están na desintegración progresiva do Imperio desde o século III.

- **Crise política:** Loitas polo poder na que se sucederon diversos emperadores en pouco tempo e a tensión vai aumentando.
- **Crise económica:** a crise política e territorial fai que o comercio caia, que se devalúe³ a moeda e que suban os prezos.
- **Crise militar e territorial:** Ante a imposibilidade de manter un territorio tan grande, en 395 [Teodosio dividíu o imperio en Imperio Romano de Oriente e en imperio Romano de Occidente](#). No Imperio de Occidente, os pobos fronteirizos tentan cruzar as súas fronteiras. Este feito, ligado ao da crise política, fai que cada vez máis os xenerais vaian tendo máis poder.
- **Invasións bárbaras:** [os pobos bárbaros \(estranxeiros\) de fóra do imperio empezan a facer incursións no mesmo](#). Entre eles, destacan os xermanos (ostrogodos, visigodos, francos, alamanes, anglosaxóns, suevos etc). Roma dependía cada vez máis dalgunhas tribos “bárbaras” para defender as fronteiras fronte a outros “bárbaros” situados fóra delas, a cambio de terras e a firma de tratados cos romanos “foedus”.
- **Ruralización:** As cidades vólvense máis inestables e a xente busca a seguridade do campo pola crise política, económica e ás invasións.

Como consecuencia, os pobos xermánicos entran no Imperio Romano de Occidente. Un deles, [Odoacro](#), ocupa a península itálica e finalmente [destitúe a Rómulo Augústulo, último emperador en 476](#).

³ Devaluar: Rebaixar o valor dunha moeda ou doutra cousa, depreciala.

3. OS POBOS E OS REINOS XERMÁNICOS

OS POBOS XERMÁNICOS

A principios do século V, os pobos bárbaros que vivían nos límites do Imperio romano (occidental), introducíronse neste fuxindo dos hunos⁴, e asentáronse aproveitando da debilidade imperial, e acabaron conquistándoo.


Dentro dos pobos xermánicos: francos, visigodos e burgundios na Galia; ostrogodos e lombardos na península Itálica e Dalmacia⁵; anglos e saxones en Britania; suevos, vándalos e visigodos a Hispania, pasando os vándalos ao norte de África.

Economía, sociedade, política, cultura e relixión dos pobos xermánicos

Dedicábanse á agricultura e a gandería como base económica. O comercio case desapareceu “**ruralización**”.

Organizábanse en clans familiares cuxos xefes elixían a un xefe militar como rei. Ao principio era un cargo electivo, posteriormente tendeu a ser hereditario.

Estes pobos xermánicos tiñan costumes e formas de vida moi distintas ás dos romanos. Non tiñan escritura, nin leis, nin unha organización política eficaz. Pero pouco a pouco fóronse mesturando e nos lugares máis romanizados, os xermanos adoptaron o latín como lingua e o cristianismo como relixión ao mesmo tempo que impoñían o seu poder militar.



Movemento dos pobos xermánicos.



Mapa dos reinos xermánicos

⁴ Pobo procedente de Asia e dirixido por Atila.

⁵ Dalmacia: Rexión histórica e xeográfica no Mar Adriático, nas actuais Croacia e Montenegro.

OS REINOS XERMÁNICOS

Dentro dos **reinos** independentes que se formaron posteriormente, centrarémonos no reinos suevo e visigodo, ambos na Península Ibérica; e nos carolinxios, dado o gran **imperio** que formaron durante o período de Carlomagno.

Os visigodos

Os visigodos asentáronse finalmente en España⁶ a comezos do século VI (507) ao ser derrotados polos francos na batalla de Vouillé.

O seu reino, con capital en Toledo, representou o primeiro intento de unidade política da Península Ibérica durante 200 anos ata o 711 e acadou o seu maior esplendor durante os reinados de Leovixildo e Recaredo entre a segunda metade do S. VI e a primeira do S. VII.

Organización política do reino visigodo

Predominaba a monarquía⁷ electiva, os reis eran elixidos entre os nobres, aínda que nalgúns momentos a monarquía foi hereditaria.

Con todo, as loitas polo poder eran frecuentes o que provocou o fin do reino visigodo como consecuencia do enfrontamento entre o rei electo don Rodrigo, e os fillos do falecido rei Witiza que pediron axuda aos musulmáns do norte de África, estes venceron na Batalla de Guadalete ao último rei visigodo no 711.

Para gobernar, o rei contaba con dúas institucións de goberno a aula Rexia e os concilios de Toledo asembleas de carácter relixioso e civil.

Relixión, dereito e cultura do reino visigodo (unificación)

- Coa conversión de Recaredo ao catolicismo no S. VII⁸ logrouse a unificación relixiosa entre visigodos (arrianos⁹) e hispanorromanos (católicos) reforzando así a Igrexa católica o seu poder.
- O rei Recesvinto logrou a unificación lexislativa entre visigodos e hispanorromanos a mediados do S. VII (654).

Os visigodos mantiveron o latín como lingua oficial, polo que o clero, os únicos que sabían ler e escribir, foron claves no mantemento da cultura clásica. A poboación falaba un latín vulgar que derivaría nas linguas romances.

⁶ Anteriormente, os visigodos estableceron un reino que se estendía pola Galia e Hispania con capital en Toulouse..

⁷ Video de Youtube: canción.

⁸ IV Concilio de Toledo (633)

⁹ Arrianos: unha facción cristiá que pensaba que Cristo era fillo de Deus pero que non era Deus en si mesmo.

A arte visigoda

Moi vinculada á Igrexa, misturando a tradición romana con achegas xermánicas. En arquitectura mantivéronse igrexas pequenas, a maioría construídas no século VII, como San Juan de Baños (Palencia), San Pedro de la Nave (Zamora), e Santa Comba de Bande en Ourense.

Destacar a ourivaría visigoda onde este pobo se mostrou como uns grandes mestres co dominio de diferentes técnicas¹⁰.

O reino suevo de Gallaecia

Os suevos procedentes da zona da actual Alemaña e República Checa, cruzaron a finais do 406 as fronteiras do Imperio occidental, asentándose no 411 na antiga provincia da Gallaecia, tras un pacto entre o seu rei Hermerico e o emperador Honorio.

Os suevos constituíron o primeiro reino medieval de Occidente con capital en Braga (Portugal), ata 585, cando foron anexionado polo reino godo de Toledo (Leovixildo).

Os suevos foron o primeiro dos “pobos bárbaros” en converterse ao catolicismo e Requiario, o primeiro rei “bárbaro” en acuñar moeda.

OS FRANCOS: O IMPERIO CAROLÍNIXIO.

Os francos eran un pobo bárbaro que se asentaron na provincia romana da Galia (a actual Francia). Foi un xefe militar Meroveo (450-458) o que daría nome á primeira **dinastía** de monarcas francos, a merovinxia.

Coa decadencia da dinastía merovinxia, outros nobres, arrebatáronlles o poder, establecéndose como unha nova dinastía, a carolinxia¹¹ con Pipino o Breve no 768.

A figura máis destacada dos carolinxios foi Carlomagno (768-814) quen foi coroado emperador no ano 800 polo papa León III en Roma.

Carlomagno expandiu o imperio, difundiu o cristianismo, revitalizou a cultura e a arte utilizados como un medio de propaganda e imitando os modelos clásicos (romanos).

Estableceu a capital en Aquisgrán (Alemaña) na que destaca a Capela Palatina.


Este imperio finalizou co Tratado de Verdún (843) coa separación dos territorios do Imperio Carolinxio entre os tres netos de Carlomagno.

¹⁰ Con ouro, prata, bronce, ferro.

¹¹ Carlos Martel, maiordomo de palacio (como primeiro ministro/presidente da actualidade) na primeira metade do S. VIII acabou dando o nome á nova dinastía, sobre todo pola súa vitoria na batalla de Poitiers (732), que serviu para frear o avance musulmán desde a Península Ibérica.



Imperio Carolinxio (814)



Tratado de Verdún (división do Imperio)

O goberno carolinxio: base do feudalismo

Para a administración do Imperio, Carlomagno ideou un sistema baseado nunha cadea de relacións persoais de fidelidade e protección, xerme do feudalismo. Carlomagno dividiu o imperio de diferentes circunscricións:

- Os condados, territorios dirixidos por un conde que administraba xustiza, recaudaba impostos, recrutaba ao exército e protexía á poboación.
- As marcas, territorios fronteirizos dirixidos por un marqués, coas mesmas atribucións que os condes pero que ademais sumaba o control militar dun exército encargado de defender as fronteiras.

Tamén creou un corpo de funcionarios ao seu servizo:

- Os *missi dominici*, encargados de vixiar o cumprimento das leis e de controlar a condes e marqueses.